

Estimadas familias:

Co fin de aproveitar as funcionalidades que ofrece o **EspazoAbalar**, os responsables do alumnado usuario de comedor coa obriga de aboar total ou parcialmente o servizo, poderán efectuar o **pago telemático** da súa taxa polo uso do servizo de comedor a través deste portal.

Con esta funcionalidade, ademais de evitar os desprazamentos á entidade bancaria para realizar o pago, tamén se elimina a necesidade de xustificar documentalmente ante a dirección do centro o ingreso dos importes correspondentes, xa que o abono dos mesmos mediante pago telemático a través do EspazoAbalar, leva consigo a comunicación inmediata ao centro de que a taxa foi pagada.

O pago deberá realizarse entre o **1** e o **20** de cada mes.

Para facelo, deberán ter **DNI electrónico** ou **Chave365**, empregar o navegador **INTERNET EXPLORER** e deberán acceder á seguinte dirección web: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/> e premer en **“Acceso aos servizos”**



The screenshot shows the EspazoAbalar website. At the top right, there are language options for 'GALEGO' and 'CASTELLANO'. A blue arrow points to the 'Acceso aos servizos' button in the top right navigation bar. Below the header, there are sections for 'Contidos orientados' (Alumnado e Familias, Centros e Profesorado, Prensa), 'O que está a acontecer agora en Abalar' (including a news item about 'Xunta de Galicia: DigiTalent - Iniciativa Scratch Day 9 outubro do 2021'), and a search bar.

A continuación, deberán seleccionar o certificado dixital que desexen:




The screenshot shows the ABALAR login page. It features a blue header with the 'ABALAR' logo. Below the header, there are two main sections for authentication. The first section, 'Identifíquese', includes a dropdown menu for 'Chave365', a text input for 'NIF', and a text input for 'Contraseña', followed by an 'Entrar' button. The second section, 'Ou entre con certificado dixital', includes an 'Entrar' button. A blue arrow points to the 'Identifíquese' section, and another blue arrow points to the 'Ou entre con certificado dixital' section. On the right side, there is a large blue graphic with a white icon of a book and the Xunta de Galicia logo and name.

Unha vez dentro da aplicación, no apartado SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, deberá facer o seguinte:

No apartado de "Servizos complementarios" poderá realizar o pago telemático\* da taxa polo uso do servizo de comedor seleccionando en "CIXTEC", de maneira que non será preciso desprazarse nin á entidade bancaria nin ao centro. Os pasos a realizar son os seguintes:

- 1 Unha vez seleccionado o apartado de pago telemático "CIXTEC" amosáranos unha pantalla coa declaración de tributos da Consellería de Facenda, e tras seleccionar no botón **Aceptar**, poderemos comezar a cumprimentar os datos necesarios para realizar o pago telemático:
  - A forma de ingreso: que pode ser con cargo en conta ou pago con tarxeta
  - A Entidade: seleccionamos o nome do banco
  - A Sucursal, DC, Conta, no caso de realizar un cargo en conta ou o Nº de tarxeta e a data, no caso de realizar o pago coa tarxetaCubertos todos os campos pulsamos en **Validar**.
- 2 A continuación, veremos o importe a ingresar e se a entidade nos cobra algunha comisión, para continuar o proceso, será necesario pulsar en **Continuar** onde visualizaremos o resumo de toda a operación, unha vez validados os datos, prememos en **Ingresar**. Na seguinte pantalla, seleccionamos o certificado e prememos en **Asinar**.
- 3 Finalmente, remataremos co proceso premendo no enlace suxerido. Deste xeito poderemos imprimir o xustificante do ingreso e o centro educativo recibirá comunicación inmediata de que a taxa foi pagada

\* O pago telemático deberá realizalo a persoa que está rexistrada como responsable do alumno no servizo de comedor. Ademais, polo momento tan só será posible executalo utilizando o navegador Internet Explorer



**IMPORTANTE: Sempre hai que esperar a que se peche a lapela do Abalar soa, aínda que vos salga o pago feito, non a podeades pechar vos. Si a pechades, non se reflexará o pago na páxina do Abalar e polo tanto non se nos notificará na aplicación de comedores. ( Tedes que deixar que o proceso de pago se peche so por cmopleta).**

No seguinte enlace poderán ver un tutorial sobre o xeito de facelo:

<https://www.youtube.com/watch?v=PUMieQyfGhM>

Se non desexan empregar o pago telemático, deberán efectuar o pago na súa entidade bancaria entre o 1 e o 20 de cada mes e entregar o xustificante de pago na conserxería do centro.

Se teñen algunha dúbida, poderán preguntar no centro á encargada do servizo de comedor, Laura Pazos Pascual.

Un saúdo.